


EFEGA ensinará primeiros auxilios ás forzas de seguridade do estado.

Axentes da Guardia Civil do cuartel de Cangas (Pontevedra) realizarán un curso de primeiros auxilios para poder prestar axuda en situacións de emerxencia sanitaria.



Axente da Guardia Civil prestando auxilio a unha accidentada de tráfico.

21/05/2012 Un grupo de 16 axentes do cuartel da Guardia Civil de Cangas, recibirán nas instalacións do Centro de Saúde da localidade un curso de “Primeiros Auxilios” impartido por EFEGA. Esta iniciativa froito da estreita colaboración entre axentes e técnicos de emerxencias sanitarias do servizo 061 de Galicia, continuará cunha serie de accións formais onde policías e sanitarios se verán beneficiados.

Na actualidade, a formación en materia de primeiros auxilios das forzas de seguridade é moi excasa e as reciclaxes practicamente nulas. Sen embargo, son incontables as ocasións nas que un membro policial se atopa unha situación de emerxencia sanitaria durante o desempeño do seu labor (accidentes, agresións, sincopés, etc.). A sociedade espera que as forzas de seguridade saiban como respostar, porén, resulta fundamental que poidan aplicar as técnicas básicas de soporte vital en espera de recibir a axuda especializada.

Todos os axentes da benemérita asistentes ao curso, adquirirán os coñecementos necesarios de soporte vital básico, introdución a desfibrilación semiautomática, tratamento de hemorraxias, traumatismos, sincopes, crises convulsivas e na actuación en accidentes de tráfico. O curso intercalará o aprendizaxe teórico coa realización de prácticas con material de simulación.

Os interesados en recibir formación pódense informar a través da páxina web www.efega.eu ou no enderezo de correo info@efega.eu.